

**2018_02 INFORME ACLARATORIO SOBRE AS AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS
NECESARIAS DURANTE A TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE LICENZAS.**

INFORME:

O informe técnico sobre as actuacións que requiran solicitude da oportuna licencia deberá facer referencia a calquera afección sectorial que afecte á parcela e/ou inmovible obxecto do informe, segundo o recollido nos planos O.8. *Servidumbres*, O.9. *Servidumbres aeronáuticas* e O.10. *Catálogo* do vixente PXOM.

Aos efectos de determinar cando é precisa a autorización do órgano competente nas afeccións sectoriais de que se trate, emítese o presente informe aclaratorio sobre en que casos é necesario recabar a autorización sectorial nas materias que a continuación se relacionan:

1.- En materia de Patrimonio cultural:

Segundo o disposto polo artigo 39. *Autorizacións* da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural:

1. As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.

A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

2. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións.

E considéranse “bens catalogados” os determinados no artigo 30 da LPCG:

Artigo 30. Catálogos urbanísticos de protección de bens integrantes do patrimonio cultural.

1. Os bens inmoables que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección, salvo que teñan a consideración de bens de interese cultural.

Por outra banda, a *INSTRUCCIÓN* do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmoables catalogados e declarados de interese cultural, os

seus contornos de protección e as zonas de amortecemento regula no seu punto Terceiro. Actuacións nos bens inmobles protexidos polo seu valor cultural que non precisan de autorización previa en materia de patrimonio cultural aquelas actuacións nos bens catalogados que non precisan autorización en materia de patrimonio, e que serán as seguintes:

- En xeral, as actuacións puntuais de mantemento ou o uso ordinario, de moi escasa entidade técnica e construtiva, xustificadas pola deterioración material dos elementos sobre os cales se propón a intervención, cun alcance moi concreto e parcial e que requiren dunha rápida execución pola ameaza que pode supoñer para a súa conservación ou apreciación. *Ver a relación dos incluídos no punto indicado (Terceiro.1).*
- Nos bens catalogados con nivel de protección ambiental: non requiren autorización as actuacións *“que non afecte os elementos e valores que determinaron o alcance da devandita protección, como obras de fontanería, modificación de distribucións interiores, novos azulexados, pavimentos e outras semellantes que non afectan a envolvente do edificio”.* (Terceiro.2)
- Nos contornos de protección dos bens protexidos:

Cuarto. Actuacións nos contornos de protección dos bens inmobles protexidos polo seu valor cultural que non precisan de autorización previa en materia de patrimonio cultural.

“...as intervencións propostas nos contornos de protección que non teñan efectos sobre as condicións de apreciación nin perturben ao sentido do ben protexido no seu ambiente non precisan de autorización previa en materia de protección do patrimonio cultural”

“As intervencións que polo seu carácter de escasa complexidade técnica e nula afección aos bens protexidos (aos seus valores, á súa contemplación, apreciación ou estudo e ao carácter arquitectónico e paisaxístico da zona), e que non impidan ou perturben a súa contemplación nin supoñan ningún risco para os bens -por producírense no interior de edificios ou locais que non contén con ningunha protección polo seu valor cultural e non supoñan ningunha manifestación en absoluto cara ao exterior- non precisan da autorización previa da DXPC”

Entre as actuacións que tampouco precisan autorización, cabe destacar as seguintes (deberase revisar o listado da Instrución para ver particularidades):

a) As actuacións de investigación e mantemento que, realizadas sobre os inmobles localizados no contorno, non afecten os propios bens protexidos.

b) As reparacións de cubertas que afecten só o material de cubrición, repoñendo o mesmo material tradicional existente, se este é coherente coa tradición da área xeográfica en que se atopa o inmovle. Estas reparacións non poderán incluír modificacións da forma do tellado, apertura de ocos, construción de chemineas nin modificación da solución dos beirís introducindo cornixas, voos, etc. que, se for o caso, si precisarán de autorización.

Área de Rexeneración Urbana,
Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible
Sección de Licenzas
📁 621/2018/691 📄 62112I0DKV

c) A pintura de fachadas e das carpintarías exteriores na mesma cor existente, sempre que esta sexa coherente coa tradición da área xeográfica en que se atope o inmovible ou se axuste aos criterios de cor que se poidan definir ou orientar desde a Xunta de Galicia. En caso contrario, deberá someterse a autorización co obxecto de determinar a cor e acabamentos apropiados.

d) A reparación de carpintarías sempre que se manteña o material, a solución formal e construtiva e os acabamentos existentes, agás nos casos en que se teña establecido por algunha condición xeral de protección do ámbito a necesaria adaptación a algún tipo orixinal característico do ámbito.

e) A reparación de revestimentos se se mantén a solución formal e construtiva existente, así como as súas cores e acabamentos.

...

m) Cambios de actividade sen reforma dos locais ou cando a reforma non afecta o aspecto exterior. Os rótulos e sinalización si deberán someterse á autorización agás nos casos en que se empreguen os mesmos soportes e dimensións que os existentes e xa fosen autorizados previamente.

Polo tanto, o réxime de autorizacións é o que a continuación se detalla, e así se fará constar no informe técnico:

a) No ámbito do PEPRI:

Edificios catalogados: non precisan informe da D.X. de Patrimonio (órgano competente), pero recabarase o informe da Comisión Asesora do PEPRI, segundo o establecido no artigo 27 da normativa urbanística do Plan Especial.

Edificios no territorio histórico do Camiño de Santiago: Dentro do ámbito do PEPRI, as actuacións en edificios do Camiño de Santiago non precisan do informe do órgano competente en materia de patrimonio cultural.

Actuacións que impliquen remocións de terra, tanto en inmoables catalogados coma non catalogados: recabarase informe do Arqueólogo municipal respecto das afeccións arqueolóxicas que as actuacións poidan ter.

b) No ámbito do PXOM:

Edificios catalogados: precisan autorización da D.X. de Patrimonio (órgano competente), excepto que se trate de edificios con grao de catalogación ambiental e as actuacións propostas non afecten aos elementos e valores que determinaron o alcance da devandita protección (*Ver punto Terceiro.2 da Instrución*). E dicir, en xeral, as obras interiores non requiren autorización previa da D.X. Patrimonio.

Área de Rexeneración Urbana,
Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible
Sección de Licenzas
📁 621/2018/691 📄 62112I0DKV

Non se precisa autorización para obras de mantemento ou o uso ordinario, de moi escasa entidade técnica e construtiva, que requiran dunha rápida actuación pola ameaza que poida supoñer para a conservación ou apreciación do elemento catalogado.

Edificios non catalogados nas contornas de protección dalgún elemento catalogado: non precisan informe sectorial as actuacións que non afecten a elementos exteriores, e se afecta a estes elementos exteriores hai supostos nos que non se precisa autorización (ver punto Cuarto da Instrución).

Edificios no Camiño de Santiago segundo a delimitación incluída no PXOM: as actuacións en inmobles incluídos no contorno de protección do Camiño de Santiago que afecten aos elementos exteriores dos mesmos requiren autorización previa á concesión da licenza da D.X. Patrimonio.

2.- En materia de estradas:

Con carácter xeral, no caso de que as actuacións para as que se solicita licenza estean no ámbito dalgunha das protección de estradas sinaladas no plano O.8. *Servidumbres* do vixente PXOM, comprobarase no plano que se achega xunto co presente informe a súa titularidade e remitirase a informe do órgano competente da admón. titular da infraestrutura.

2.1. No Solo Urbano Consolidado:

Para o caso de que as actuacións estean situadas no solo urbano consolidado non se require autorización das administracións titulares da estrada cando estas sexan a Xunta de Galicia, a Deputación provincial ou o Concello, segundo o disposto na Lei 8/2013, de 28 de junio, de estradas de Galicia (LEG) e no seu Regulamento:

Artigo 38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

Artigo 47. Réxime xeral e competencia.

- 1. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa, salvo que expresamente sexa permitida por esta lei ou polo seu regulamento.*

Para o caso de actuacións estean situadas nas zonas de protección dunha estrada titularidade estatal deberase solicitar a autorización da administración titular da infraestrutura, segundo o disposto no artigo 28 da Lei 37/2015, de 29 de setembro, de carreteras:

Artículo 28. Zonas de protección de la carretera: disposiciones generales.

Área de Rexeneración Urbana,
Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible
Sección de Licenzas
📁 621/2018/691 📄 62112I0DKV

1. A los efectos de la presente ley se establecen las siguientes zonas de protección de la carretera: de dominio público, de servidumbre, de afección y de limitación a la edificabilidad.

2. En estas zonas no podrán realizarse obras o instalaciones ni se permitirán más usos o servicios que aquéllos que sean compatibles con la seguridad viaria y con las previsiones y la adecuada explotación de la carretera. La realización de cualquier actividad que pueda afectar al régimen de las zonas de protección requiere autorización del Ministerio de Fomento, sin perjuicio de otras competencias concurrentes.

Do arriba indicado, exceptúanse as obras interiores, sen ningún tipo de afección exterior que non requiren autorización do órgano competente en materia de estradas.

2.1. No resto das clases de solo distintas do SUC:

No resto dos casos (actuacións noutra clase de solo distinta do SUC) e calquera que sexa a titularidade da estrada deberase solicitar a autorización da administración titular da infraestrutura, excepción feita para as obras interiores, sen ningún tipo de afección exterior, que non precisan obter a citada autorización.

No caso de que a administración titular sexa o Concello da Coruña, solicitarase o informe do Enxeñeiro de Camiños municipal.

3.- En materia de servidumes aeronáuticas:

Segundo o disposto polo vixente PXOM (art. 4.7.1. das Normas urbanísticas) as obras que afecten aos inmobles que se atopen na proxección horizontal dalgunha das zonas de servidumes aeronáuticas establecidas polo planeamento xeral (superficie cónica, superficie horizontal, ámbito de vulneración polo terreo) precisaran de informe do órgano competente, neste caso, a Axencia Española de Seguridade Aérea (AESA).

Art. 4.7.1.- Servidumbres aeronáuticas

2. La ejecución de cualquier construcción o estructura (postes, antenas, aerogeneradores incluidas las palas, etc.) y la instalación de los medios necesarios para su realización (incluidas las grúas de construcción y similares), en los terrenos afectados por las servidumbre aeronáuticas, requerirá resolución favorable previa de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA), conforme a los artículos 29 y 30 del Decreto 584/72 de servidumbres aeronáuticas en su actual redacción.

Por outra banda, comprobarase se as actuación están nalgún dos supostos de obras de menores ou de escasa entidade construtiva en materia de servidumes aeronáuticas, e non é preciso recabar autorización establecidas por AESA como criterio, segundo o seu correo electrónico a este Concello de data 12.12.2018, e que se transcriben a continuación:

Área de Rexeneración Urbana,
Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible
Sección de Licenzas
📁 621/2018/691 📄 62112I0DKV

- *Reformas exteriores o interiores en edificios existentes que no supongan modificación del volumen engendrado y que no aumenten la altura de la edificación (obras de conservación, reformas de interior, cambios en fachadas, sustitución de ventanas, sustitución de cubiertas, etc.);*
- *Instalación en cubierta de edificaciones existentes de elementos que no aumenten la altura de las mismas más de 1,20 metros (cajas de ascensores, equipos de aire acondicionado, chimeneas, antenas, placas solares, etc.) si no existen edificaciones en el entorno;*
- *Instalaciones en la cubierta de una edificación que no superen en ningún punto la altura de otros elementos ya presentes en la cubierta de la propia edificación o de los edificios existentes en el entorno;*
- *Construcción o instalación de salientes en planta baja o intermedia de edificaciones existentes (toldos, pérgolas, marquesinas, cerramientos, rótulos, etc.) que no aumenten la altura de la edificación;*
- *Adecuación en locales de planta baja de edificaciones existentes e instalación de elementos auxiliares (terrazas, toldos, marquesinas, cerramientos, rótulos, etc.);*
- *Licencias de primera ocupación de edificios, de funcionamiento, de actividad, de cambio de titularidad, o ambientales;*
- *Instalación, modificación o sustitución de uso para edificaciones existentes;*
- *Instalación de andamios, elementos elevadores u otros elementos auxiliares de obra adosados a fachada sin sobrepasar la altura de la edificación existente;*
- *Demoliciones totales o parciales de edificios;*
- *Proyectos y obras de urbanización o reurbanización;*
- *Uso de maquinaria hasta 5,00 metros de altura;*
- *Instalación o construcción de elementos de mobiliario urbano (áreas recreativas, esculturas, bancos, marquesinas, fuentes, papeleras, vallados, carteles publicitarios, rótulos, señales de tráfico, semáforos, etc.) que no sobrepasen la altura de las edificaciones del entorno o hasta 5,00 metros;*
- *Instalación y construcción de infraestructuras urbanas (alumbrado público, cableado adosado a fachadas, postes para transporte de electricidad, etc.) que no sobrepasen la altura de las edificaciones del entorno o hasta 5,00 metros;*
- *Obras de repavimentación de calles que alteren la rasante existente hasta 3,00 metros de altura;*
- *Instalación y construcción de infraestructuras subterráneas;*
- *Instalaciones, construcciones y elementos de carácter provisional (casetas de obra, vallados temporales, tarimas, escenarios, carpas, puestos, mercadillos, atracciones de feria, viviendas de feriantes, circos, andamiajes, contenedores y construcciones prefabricadas, etc.) que no sobrepasen la altura de las edificaciones del entorno o hasta 5,00 metros;*

Área de Rexeneración Urbana,
Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible
Sección de Licenzas
📁 621/2018/691 📄 62112I0DKV

- *Cerramiento de parcelas sin sobrepasar la altura de elementos del entorno o hasta una altura de 5,00 metros;*
- *Plantación de árboles de porte medio hasta 5,00 metros;*
- *Estacionamiento de vehículos y unidades móviles;*
- *Instalación de estructuras para refugio de vehículos y cubiertas de aparcamientos.*
- *Instalaciones de invernadero.*
- *Cuarto de aperos de pequeñas dimensiones.*

4.- No ámbito das proteccións da Refinería:

Segundo o disposto polo vixente PXOM (art. 4.7.2. das Normas urbanísticas)

En el plano 08- “Servidumbres” se representan las correspondientes servidumbres de seguridad en el entorno de la refinería, de acuerdo con la regulación sectorial aplicable, señalándose dos perímetros de protección: la zona de intervención, que supone la mayor restricción, y la zona de alerta. Las ordenaciones por planeamiento de desarrollo que se desarrollen dentro de estos ámbitos, deberán ser sometidas a informe preceptivo por parte de los organismos competentes en materia de seguridad industrial.

Dentro de la zona de intervención no se admiten implantaciones residenciales de ningún tipo (ni vivienda ni dotacional), con excepción hecha de núcleos residenciales existentes, que se mantienen bajo la calificación de suelo urbano consolidado con la norma zonal 4.7 de conservación, con sus limitaciones correspondientes. Se admiten usos de actividad industrial y comercial, pero se prohíben los centros comerciales o equipamientos que supongan grandes concentraciones de personas.

Dentro de la zona de alerta se admite el uso residencial en general, con las prevenciones que establezca la legislación sectorial.

En los ámbitos de gestión del suelo urbano no consolidado y suelo urbanizable, habrá que diferir su desarrollo a la realización de un análisis de compatibilidad de riesgos (ACR) de estos ámbitos con la refinería, o bien tener en cuenta las condiciones limitativas de usos señaladas en el Dictamen técnico en relación con las afecciones del Plan de Emergencia Exterior de la Refinería de Bens, aprobado en marzo de 2011, sobre su entorno.

Existe unha alteración das zonas de alerta e Intervención establecidas polo PXOM que ven dado pola aprobación definitiva dun novo Plan de Emerxencia Exterior da Refinería (*Decreto 88/2016, de 7 de julio, por el que se aprueba la actualización y revisión del Plan de emergencia exterior del polígono de A Grela-Bens DOG núm. 140 Martes, 26 de julio de 2016*). Achégase o plano xunto co presente informe.